

XOGANDO A PENSAR EN E.I.2

COMO SE SENTEN? POR QUE?

- Senten frío.
- Están tristes porque teñen fame e teñen frío.
- Están contentos porque ahí non hai guerra, pero estaban tristes no seu país coa guerra.
- Están tristes e contentos á vez, un pouco tristes e outro pouco contentos.

A QUE XOGARÁN?

- Ó pilla pilla.
- Non poden xogar a nada porque non teñen xoguetes.
- Si, deixáronnos todos na súa casa “pola guerra”, cando marcharon no coche.
- Poden xogar ó “escondite”, ó veo-veo.
- Teñen que xogar nas casas porque fai moito frío.
- Poden ver a tele.
- Non, non poden porque funciona con electricidade, e alí non hai electricidade, por iso non teñen luces nin tele.
- Seguro que pola guerra romperon os cables da electricidade e por iso non hai.

A QUE CHEIRARÁ?

- Seguro que cheira a fume pola fogueira que fixeron.
- A lume tamén cheira.
- O lume non cheira a nada o que cheira é o fume que fai.
- Cheira a porquería porque non teñen baño dentro da casa.
- Si que teñen baño pero non se ven no vídeo.

QUE COR QUE TEN A GUERRA? E PAZ?

- A guerra é verde, laranxa...
- Non, a guerra é negra porque é o color das pistolas.
- Negra ou de color escuro, como cando é de noite e teñen medo coa guerra.
- A paz é branca, de cores como o arco da vella, rosa, de cores bonitos.
- Si de cor “alegría”

POR QUE HAI GUERRA? QUE SOLUCIÓN SE VOS OCORRE?

- Hai guerra porque empezaron a discutir e logo a pelexar por non poñerse de acordo.
- Teñen que poñerse de acordo en non “facer a guerra”.
- Si, teñen que falar para arranxar os problemas.
- E se non queren arranxalos?
- Alguén ten que contarlles que os nenos teñen medo pola guerra e teñen que marchar, e entón xa non farían guerra para que puidesen voltar ás súas casas.
- Pero quen pode ir a contarllo?
- A xente maior, porque os nenos non poden ir á guerra, é moi perigoso polas pistolas.
- Pero os que fan a guerra non son maiores?
- Si pero son malos, terá que ir alguén que sexa bo é maior.
- Que maiores coñecedes que sexan bos?
- O meu pai e a miña nai, pero eles non poden ir porque teñen traballo.
- Os meus non poden ir porque é perigoso.
- Mellor que vaian os Reis Magos eses si son bos.
- Ou Santa Claus que pode ir voando.
- Poden darlle cunha bomba na guerra.
- Non, porque coa maxia non lles poden dar.
- Os da guerra non lle disparan nin ós Reis nin a Santa Claus, porque senón non lles traerán regalos.

QUE LLES REGALARÍADES?

- Un boneco.
- Unha barbie.
- Un Quad de xoguete.
- Un xoguete.
- Un gorro, guantes e roupa para que non teñan tanto frío.
- E unha casa, para que poidan vivir nela.
- Tamén necesitan un cole para poder ir a aprender e xogar.
- Si roupa para o frío e roupa que sexa “quente”.
- Tamén podemos darlles mantas e un peluche para durmir de noite e non ter medo, como os “sacapenas”.
- Tamén podemos darlle unha manta.
- Mellor moitas mantas para que non teñan frío.

Transcipción do diálogo establecido entre o alumnado de Educación Infantil 2, tras visionar os vídeos sobre os nenos e nenas que viven nos campos de refuxiados en Líbano, podes velos na web do centro.